



## "Temos que ter o valor de darnos un futuro"

[Montse Dopico](#) 1 novembro 2013

*Os ángulos da brasa* (Faktoría K) é a primeira obra en galego que gaña o Premio Nacional de Poesía. Que non é pouca carta de presentación. Mais é tamén mostra do máis recente e mellor etapa creativa do seu autor, Manuel Álvarez Torneiro, na que publicou tamén títulos como *Epicentro* (2003), *Setembro Stradivarius* (2004) ou *Parábola do incrédulo* (2006). El, que xa antes fora Premio da Crítica Española, Premio da AELG, Premio Ánxel Casal, Premio Esquíu e Premio González Garcés, interpreta o seu último galardón como un recoñecemento á lingua e á poesía galega. E non deixa, durante toda a entrevista, de reivindicar o mesmo que na súa obra. A vida. O dereito a ter un futuro. Malia as derrotas e as mentiras.

**Recibiu o premio como unha boa noticia para o galego. Dixo que, por fin, esta lingua comezaba a recuperarse. A que se refería?**

Pois creo que o galego está recuperándose en gran parte grazas á cultura, á poesía..., e iso que a poesía é a cincenta da literatura. Que unha obra en galego gañe o Premio Nacional de Poesía dálle pulo ao galego, fai que se fale da poesía en galego en Almería, en Tenerife... É algo novo porque é a primeira vez, e temos que aproveitar o tirón...

**Nada máis abrir *Os ángulos da brasa* atopamos “unha Europa terrible”, semellante a aquela Europa de violencia e mentiras que xa retrataba nos seus primeiros libros. Daquela, non sabería canta razón ía ter...**

Daquela Europa aínda era crible, agora perdeu todo o interese. Hai unha Europa dos ricos e unha Europa dos pobres e desesperados. O que parecía que ía ser o remedio, Europa, non foi tal. Eu digo moito, como dixo Juan Gelman, que a poesía, grazas a Deus, é inútil. É inútil no sentido de que non serve para buscar petróleo ou para construír rañaceos, pero algún valor terá para que se publiquen libros de poesía como un dos del, de mil e pico páxinas. Certo que a poesía non serve para resolver os problemas actuais: o paro, os problemas da educación ou da sanidade, que están nunha situación catastrófica. Pero tampouco resolven os problemas economistas e políticos...

**A súa obra, na que predomine a temática existencial, ten un sentido social -a pobreza, a emigración, a represión franquista...- que, moitas veces, está só insinuado. Por que?**

É verdade que é unha das miñas teimas, unha constante. Un sempre lembra o pasado, o tempo vivido, e eu medrei nun tempo escuro e difícil. Iso ten que reflectirse nos versos, é normal. E

tamén é verdade que son temas que moitas veces só asoman a cabeza, só están insinuados. É moi importante, na poesía, deixar espazo para a interpretación do lector.

**A memoria é un dos temas que sustentan *Os ángulos da brasa*, como toda a súa obra desde o seu primeiro poemario *Memoria dun silencio*. Ás veces é unha memoria individual (a da infancia, por exemplo), e ás veces colectiva (a da xeración que medrou nas peores etapas do franquismo). Que é a memoria para vostede?**

A memoria significa moito para min. A unha idade como a que teño, o que nos queda é a memoria. Pensas en como viviches. E hai, si, unha tendencia en min a falar da memoria, xa desde o principio. Aínda que non me resulta fácil explicalo. Os poemas veñen, aparecen, sen pensar moito, previamente, o que vou dicir. Non é un traballo de cuadrícula e de liña, as palabras veñen como veñen. Eu non sei explicar o que é a miña poesía. Son sentimentos, e non ideas ou conceptos. Son emocións e sentimentos. Non pretendo nin sentar cátedra nin asociarme a unhas ideas políticas determinadas.

**A súa obra ten moito, tamén, de reacción contra a mentira. Este termo aparece moito, en versos como “na páxina catorce do xornal/ escribiron a mentira correcta”, de *Parábola do incrédulo*. E di iso unha persoa que se dedicou moitos anos ao xornalismo...**

Pois teño que dicir que penso que a mentira pode ser válida se non implica provocar un trastorno, facer mal. Ás veces son necesarias as mentiras piadosas. Pero o que teño claro é que a poesía non é un produto de laboratorio, non se reduce a unhas palabras moi bonitas para namorar e cantarlles aos paxariños. O poeta fala dos problemas e das necesidades que ve. Por iso teño que falar da mentira. E algo que me molesta moito é que se lle queira chamar poesía ao que non o é. O prosaísmo invade a poesía. Moitas veces hai un problema, que é a presión por publicar xa aos 18 anos. Hai que ser serios, esperar a madurar. Eu publiquei o primeiro libro con 50 anos, e tiña moita obra feita de moito antes, pero non tiña sentido publicada de modo automático. O que non ten valor, non pode ser publicado. *Memoria dun silencio* tampouco é un libro redondo, que tampouco é o que pretendía eu daquela. Pero creo que un libro, para ser publicado, ten que estar ben feito, ter unha calidade, e sobre todo ser verdade. Ter peso, maxia, transcendencia. Os sentimentos son moi necesarios, pero tamén poden ser un problema para a poesía. “Amor mío, te quero con toda el alma” pode ser verdade, e é moi importante, pero non é poesía. A poesía non é falar por falar, rimar papá con mamá...

**En relación con iso, di a crítica que a súa é unha poesía clásica, cunha estética conservadora. Aínda que sexa verso libre, ten un forte sentido da métrica: moito hendecasilabo, por exemplo.**

Pois é normal, porque as miñas lecturas son clásicas. Non me poño a escribir se non hai unha música interior... Lin moito a Góngora, Espronceda, Fray Luis de León... e todas esas lecturas son como unha guía que tes. É certo que mido moito, que me preocupo polo ritmo, pola música, por escoller a palabra axeitada...

**Tamén é bastante “clásico” na elección dos temas. O paso do tempo, por exemplo.**

O paso do tempo é un tema clásico da poesía porque é algo que nos afecta moito, é normal. Cando te decatas xa tes 60 e 70 anos e preguntaste, pero que pasou? Antes, todo parecía eterno, e non o é. Morren os amigos..., e a preocupación por iso nunca vai pasar de moda. Na poesía hai poucos temas: a vida, a morte, o amor..., pero as posibilidades de tratamento son infinitas. O do amor, por exemplo, é un tema que está aí desde Adán e Eva e que non se esgotou nin estará esgotado dentro de 100 anos.

**Amor, soño, beleza, natureza, paisaxe... aparecen moito na súa obra como refuxios nun mundo hostil. Ao lado dun certo sentido doutro tópico literario, o paraíso perdido.**

Si, isto é tamén recorrente na miña poesía. Unha paisaxe tranquila, serena, representa para min o equilibrio, a harmonía, unha parte moi importante da vida. Ás veces quedo pasmado mirando as nubes... A paisaxe é pan para o espírito.

**Hai nos seus poemas moitas referencias a escritores, pintores, -vostede tamén pinta-, músicos... E empezou a publicar no tempo do que se chamou “culturalismo”. Que ten que ver Álvarez Torneiro con iso?**

Pois a verdade é que a min gustárame ser pintor. E considero que a música é a arte das artes. Pero non se pode ser todo. Por iso cito moitos músicos, pintores... En canto ao que dis, eu creo que o que houbo foi un intento de superar un certo ruralismo, entendido como o discurso da miña aldeíña, todo moi pacato... Tiñamos que saír, buscar por fóra, encontrarnos con outras literaturas. Iso é culturalismo? Eu creo que, simplemente, é xente culta que escribe do que ve, do que le...

**Ferrín situouno na Xeración das Festas Minervais. Tamén o situaron, en concreto, coa Escola da Tebra. Vostede idenfícase, polo seu xeito de escribir, máis coa xeración dos 50, malia as diferencias entre os autores deste tempo?**

Podería dicir que estou cos dos 50... e cos do Século de Ouro español. Sempre é difícil establecer ese tipo de clasificacións. Son da xeración de Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Ferrín..., pero todos somos moi diferentes.

**Se cadra *Os ángulos da brasa* é máis directo, no seu estilo, que outros libros seus. Por que?**

Ten que haber unha crítica porque o que ves todos os días é que a xente está mal. Ves que a xente está descontenta, que sofre, que non atopa saídas... Os escritores non vivimos nunha torre de cristal. E, aínda que ás veces non apuntemos directamente á diana, temos que dicir as cousas. Aínda que non sexas moi directo, moi brusco, e lle deas voltas.

**Os seus libros están cheos, tamén, de reivindicación da palabra. E preocupación polo léxico e riquezas das imaxes utilizadas é unha das características que a crítica salienta da súa obra. Non será casualidade...**

É que creo na función da palabra, no sentido da palabra. Non debemos empregar as palabras con lixeireza. O poema non é dicir por dicir. Temos que explicar as cousas ben. A poesía, para min, é un xénero de rango superior. E ten que ver con isto, co traballo coa palabra. Coa procura da maxia, do misterio...

**Na súa obra hai, tamén, moitas imaxes arredor da derrota, da derrota colectiva. Ao lado de chamadas á esperanza. “Fagamos lume./ Teñamos o valor de darnos un futuro”, di *Os ángulos da brasa*. É esa a utopía que di vostede defender cando presenta a súa autobiografía como poeta?**

A derrota está aí e temos que vela, pero sen caer no derrotismo. Hai que estar aquí para algo e non temos que aturalo todo. Temos dereito a ter un futuro, e non debemos perder a esperanza. Temos que ter o valor de darnos un futuro. Claro que creo na utopía, nunha utopía realizable. E hai moitas utopías realizables, o que pasa é que non se queren realizar. Agora temos esta Europa, pero o máis importante está por chegar. Avanzouse moito e vaise avanzar máis.

**País, patria, reino, nación, tribo, aparecen moito nos seus poemas. Que é a patria para vostede?**

Patria é xustiza, amor, pan, fraternidade. Pero, no sentido político, é unha entelequia e non me interesa nada. A min a patria non me deu nada, e eu dinlle algo, acabo de darlle un Premio Nacional de Poesía. A patria non me chamou, non me deu nada porque non é algo que poida vir e chamarte. Non sei o que é patria, politicamente falando.

**A súa obra mantén unha unidade, de xeito que os poemarios parecen continuacións uns dos outros. O verso *os ángulos da brasa* estaba xa en *Parábola do incrédulo*...**

A escolla dese título ten unha explicación. Luís Rei Núñez, que é o director da colección Tambo, na que se publicaron varios dos meus libros, citoume nos agradecementos da súa novela *O señor Lugrís e a negra sombra*. Citoume a min, entre outra xente, e puxo “A Álvarez Torneiro, o poeta dos ángulos da brasa”. E aí está o título.

**Que influencia tivo, na súa obra, a pertenza ao grupo *Amanecer* nos anos 50?**

Pois daquel grupo non quedou case nada porque se acabou desfacendo, e porque tampouco era nada máis que un grupo de mozos que facíamos cousas nos anos escuros, nos tempos de pedra, na longa noite de pedra e da tebra. Había que buscar un espazo para respirar, e por iso formamos ese grupo poético. Pero tan pobre foi o resultado que non nos serviu nin para ligar. Ningún de nós atopou moza daquela, así que fíxate... Viña xente escoitarnos, é verdade, pero tampouco había moitas máis opcións culturais. Non había cartos. Daquel grupo quedamos Avilés e eu, ninguén máis. Con Avilés tiven moita amizade, era un auténtico fenómeno. Con 20 anos xa tiña un gran vocabulario poético. Tivo unha inclinación á bohemia, que non era a bohemia dos ricos senón a de verdade. Garcés era un home dunha cultura extraordinaria que nos orientaba moito, axudábanos... E quedounos moito das leccións que nos deu.

**Morte, ausencia, soidade, silencio, están moi asociados ao seu recordo da infancia nos seus poemas. Supoño que pola represión franquista...**

Eu non coñecía a miña nai, porque morreu física aos 24 anos. Non sei o que é unha nai. Tiven o afecto doutra xente, pero non dela. E iso márcate moito. Ademais, era un tempo de miseria, de fame incluso, de carencia de liberdade, e de grandes contrastes entre ricos e pobres. E todo isto está latente nos meus poemas, aínda que non sexa explícito. *Os ángulos da brasa* fala, por exemplo, do campo da Rata, un lugar onde houbos “paseos” aquí na Coruña. E en moitos outros dos meus libros hai algo diso tamén.

**Un poema de *As voces consagradas, Historia*, resume ben todo iso: miseria, silencio, frío, falta de liberdade, delación, relixión obrigatoria... Ten vostede poemas moi narrativos que deixan todo ben claro... Aínda que a perspectiva que adopta é a da emoción, o recordo. Non é o activismo político, por exemplo, como noutros compañeiros de xeración seus.**

É certo que hai algúns poemas que a xente recorda máis. Porque reflicten un tempo de perdas, de carencias... Eu tiven unha profesora que che pegaba nas mans. E teño moitas outras imaxes dun tempo moi triste, que levo aos poemas. Como a da pinguiña que caía do teito, na escola aquela. Naquel silencio, só se escoitaba a pinguiña. Parece só unha anécdota, pero é máis. Para os que vivimos aquel tempo, é moi difícil esquecer. Porque todo iso marcounos. E a memoria é fundamental. Aínda que hai que dicir que a memoria tamén é manipulable, tamén se falsifica.

**Cando lle preguntan polos seus referentes, cita sobre todo a Pablo Neruda, Octavio Paz, Vicente Aleixandre, César Vallejo... Pero tamén os ten galegos. Como Rosalía de Castro. Da derradeira lección do mestre fala en *Os ángulos da brasa*.**

Si, pero non é o mestre de Castelao. É un mestre que tiven, un mestre de verdade. Unha persoa dunha enorme sabedoría, amable, bo, que era como un pai para nós. Un home que usaba outro método.

**Está se cadra máis presente, nos seus poemas, o franquismo que a etapa posterior. A finais dos 70 e nos 80, cando vostede comezou a publicar, parecía que as cousas ían cambiar no político, no cultural, no social, no lingüístico. Agora moita xente está a revisar o discurso daquela Transición e séntese defraudada, no tema da lingua por exemplo. Que pensa vostede?**

É certo que daquela empezaron moitas cousas, que antes non tiñamos. E eu creo que avanzamos moito. A lingua galega, por exemplo, ten agora unha consideración social que antes non tiña. E eu estou moi feliz de contribuír a que isto sexa así, polo premio. Non estamos aínda ao 100 por cen, queda moito que mellorar, e hai moitos atrancos, pero estamos no camiño.

***Amanecer* foi se cadra un intento de devolverlle á sociedade a cultura. Nos anos 50 iso mesmo tentou Galaxia -a outra escala e con outro proxecto, claro-. Vostede mesmo decidiu, despois de publicar dous libros en castelán, escribir só en galego...**

Escribira dous libros en castelán coa idea de presentarme a un concurso. Tiña poemas feitos de moito tempo atrás. A miña cultura literaria viña do castelán: Aleixandre, Octavio Paz, Neruda, Cernuda... Eles déronme a cultura. Cando era novo falábase o castelán co boticario, co zapateiro... o galego quedaba para a casa, e aínda así falábase ou non, depende de con quen. Esa era a realidade. Por iso, para min, ao principio, non foi fácil escribir en galego. Cando empecei a publicar, nos 80, sabía que ía ter difícil publicar se non escribía en galego, pero tiña claro. E así cheguei a escribir 17 libros en galego, que non é pouco. E os que veñan.